



Servizos de certificación dixital

**O Certificado Dixital, tipos e
servizos**

Versión 01.00

- 1. Que é o Certificado Dixital?**
2. Contrato con Camerfirma
3. Oficinas de rexistro
4. Tipos de servizos e certificados
5. Información dispoñible



Definición


O **Certificado Dixital** é un ficheiro informático, garantido por unha **Autoridade de Certificación** (neste caso **Camerfirma**) que contén os datos necesarios para permitirlle ao seu titular **identificarse** e **asinar documentos** electrónicamente de forma segura.

Funcionamento

O Certificado Dixital está composto por dúas claves:

- **Clave Privada:** Só coñecida polo titular do certificado.
- **Clave Pública:** Que se envía cos datos para que o destinatario poida descifralos.

Aquilo que **cifra a clave privada**, soamente pode ser descifrado pola clave pública que lle corresponde.



Usos

- Autenticación, acreditando a identidade do titular.
- Sinatura dixital, garantindo así a procedencia e integridade da información.
- Cifrado de datos, para que sexan accesibles só polo destinatario.



Contido

- **Identidade** do titular (Nome e/ou NIF)
- **Clave pública** do titular.
- **Número de serie e data de caducidade** do certificado.
- **Identidade e sinatura da Autoridade de certificación.**
- **Datos opcionais:** correo, NIF e nome do organismo no que traballa o titular, etc.



Tipos de Certificados

1. Certificados AP

- Empregados para a **identificación das administracións públicas e do persoal ao seu cargo** para o desenvolvemento da súa actividade laboral.
- Identifican ás administracións fronte aos cidadáns e outras administracións.
- Deben ser tramitados a través dunha Oficina de Rexistro AP.
- Certificados AP:
 - C. de selo electrónico
 - C. de sede electrónica
 - C. de empregado público

1. Certificados de compoñente e de persoa física

- Orientados ao **aseguramento de compoñentes dixitais**.
- Non teñen restrinxido o seu uso exclusivo polas administracións públicas, pero son necesarios para estas en moitas ocasións.
- Certificados de compoñente:
 - C. de servidor seguro
 - C. de sinatura de código

1. Certificados de persoa física

- Son empregados para a **acreditación da identidade das persoas**.
- Existe un único certificado deste tipo:
 - C. de persoa física

Outros servizos

1. Selado de tempo

- Método para probar que un conxunto de datos existiu antes dun momento dado e que non foron alterados desde ese momento.

2. Validación de certificados

- Servizo que permite verificar se un certificado está activo ou non.

1. Que é o Certificado Dixital?
- 2. Contrato con Camerfirma**
3. Oficinas de rexistro
4. Tipos de servizos e certificados
5. Información dispoñible

Obtención de Certificados

- A **Xunta de Galicia** asinou un contrato con **Camerfirma** que permite obter **gratuitamente todos os certificados dixitais necesarios** para **ofrecer servizos telemáticamente**, impulsando así o desenvolvemento da **eAdministración**.
- O contrato permite a obtención dos servizos para os **Concellos, Deputacións, CIXTEC, SERGAS, Universidades Públicas, Consello de Contas, Parlamento e Valedor do Pobo** da CCAA de Galicia.

1. Servizos limitados

Dentro do contrato hai unha serie de servizos limitados en número:

- Oficinas de Rexistro AP e Cidadáns
- Certificados de sede e selo electrónico
- Certificados de compoñente (de servidor seguro e de sinatura de código)

2. Servizos ilimitados

Os seguintes servizos non teñen limitación en número:

- Certificados de empregado público
- Certificados de persoa física
- Selado de tempo
- Servizos de validación de certificados

En ambos casos, os servizos **tramítanse directamente con Camerfirma**, sen necesidade de obter previamente unha autorización da Xunta de Galicia.

1. Que é o Certificado Dixital?
2. Contrato con Camerfirma
- 3. Oficinas de rexistro**
4. Tipos de servizos e certificados
5. Información dispoñible

Oficinas de rexistro

As oficinas de rexistro son lugares físicos onde se levan a cabo as xestións e tarefas dos certificados emitidos por Camerfirma, para a obtención, suspensión ou revogación dos mesmos.

1. Oficinas de Rexistro AP

Este tipo de oficinas implántanse para as xestións de certificados utilizados polas administracións públicas:

- Certificado de Sede electrónica
- Certificado de Selo electrónico
- Certificado de Empregado Público

2. Oficinas de Rexistro Cidadáns

Este tipo de oficinas implántanse para as xestións de certificados de persoa física:

- Certificado de persoa física

Non é necesaria a implantación de Oficina de Rexistro para a obtención de Certificados de:

- ✓ *Servidor seguro*
- ✓ *Sinatura de código*

Implantación da Oficina de rexistro

- Para a implantación da Oficina de Rexistro AP ou Cidadáns:
 1. Xestiónase directamente con Camerfirma a implantación da oficina de rexistro
 2. Tras a implantación poderanse realizar os rexistros para obter os certificados que se requiran



1. Que é o Certificado Dixital?
2. Contrato con Camerfirma
3. Oficinas de rexistro
- 4. Tipos de servizos e certificados**
5. Información dispoñible

Certificado de sede electrónica

Úsase para **identificar unha dirección electrónica** (que será a sede electrónica da entidade titular do certificado) coa que se poderán establecer **comunicacións seguras e privadas**, garantindo a orixe da información ofrecida na mesma.

Clase de Certificado

- Trátase dun **certificado AP**.
- O seu uso é **exclusivo** das **administracións públicas**.
- O **titular** do mesmo é a **entidade** á que pertence.

Servizos do Certificado

- **Identifica** una web como **sede electrónica**.
- **Garante a seguridade** da comunicación.
- Garante a **orixe da información** contida na sede.
- Garante a **confidencialidade** na comunicación.

Solicitud do Certificado

- O certificado poderá ser solicitado de dúas formas diferentes:
 - A través da **Oficina de Rexistro AP** correspondente a cada entidade.
 - A través da **páxina web de Camerfirma** (<http://www.camerfirma.com/certificados/>).



Certificado de selo electrónico

Permite **identificar e asinar actos administrativos autónomos** a través dos sistemas de sinatura dixital. É necesario para poder levar a cabo unha **actuación administrativa automatizada**.

Clase de Certificado

- Trátase dun **certificado AP**.
- O seu uso é exclusivo das **administracións públicas**.
- O titular do mesmo é a entidade á que pertence.

Servizos do Certificado

- **Sinatura automatizada autónoma** a través de sistemas de información.
- Identificar as **sinaturas electrónicas** efectuadas.

Solicitud do Certificado

- O certificado poderá ser solicitado de dúas formas diferentes:
 - A través da **Oficina de Rexistro AP** correspondente a cada entidade.
 - A través da **páxina web de Camerfirma** (<http://www.camerfirma.com/certificados/>).



Certificado de persoa física

Tratase dun **certificado de persoa física**, que vincula ao subscritor uns datos de verificación de firma e acredita a súa identidade.

Clase de Certificado

- O seu uso é **para calquera cidadán**.
- O **titular** do mesmo é o **ciudadán propietario do certificado**.

Servizos do Certificado

- **Permite asinar** documentación electronicamente.
- Posibilita o **intercambio de información** telematicamente de forma segura
- Permite **realizar trámites de forma segura** coas Administracións Públicas a través de Internet
- **Identifica** ao usuario do certificado.

Solicitud do Certificado

- O certificado poderá ser solicitado de dúas formas diferentes:
 - A través dunha **Oficina de Rexistro de Cidadáns**.
 - A través da **páxina web de Camerfirma** (<http://www.camerfirma.com/certificados/>).

Certificado de servidor seguro

Permite **identificar** en Internet un **servidor web, unha URL ou unha IP** (dependendo do tipo de certificado) permitindo establecer **conexións seguras** para o intercambio de información cos usuarios (similar ao certificado de sede electrónica pero de uso estendido).

Clase de Certificado

- Trátase **dun certificado de compoñente**.
- O seu uso **non está restrinxido ás administracións**.
- O **titular** é a **entidade** á que pertence o servidor, a URL ou a IP.

Servizos do Certificado

- **Garante a seguridade** da comunicación.
- Garante a **orixe da información** do servidor.
- Garante a **confidencialidade** na comunicación.
- Usados para o aseguramento de compoñentes dixitais.

Solicitud do Certificado

- Non é necesaria unha oficina de rexistro.
- O solicitante realiza directamente as tramitacións con Camerfirma





Certificado de sinatura de Código

Permite **certificar a identidade** do autor dun código Software. Así mesmo, garante a **integridade** do código asinado.

Clase de Certificado

- Trátase **dun certificado de compoñente**.
- O seu uso **non está restrinxido ás administracións**.
- O **titular** é a **persoa física ou xurídica** á que pertence o **código**.

Servizos do Certificado

- **Garante a identidade** do creador dun código.
- Garante a **integridade** do código asinado.
- Xeralmente úsase para **asinar applets**.

Solicitud do Certificado

- Non é necesaria unha oficina de rexistro.
- O solicitante realiza directamente as tramitacións con Camerfirma





Servizo de selado de tempo

Permite probar que un conxunto de datos existiu antes dun momento dado e que non foron alterados desde ese momento.

Solicitud do servizo

- Non é necesaria unha oficina de rexistro.
- O solicitante realiza directamente as tramitacións con Camerfirma:
 1. Solicita a Camerfirma o alta do servizo
 2. Camerfirma envía os datos de activación para que o solicitante poida utilizar o servizo de Selado de Tempo.

Servizo de validación de certificados

A validación de certificados é un servizo orientado a obter información de certificados, é dicir, si o certificado consultado está activo ou revogado.

Este servizo ofrécese de forma libre, sen necesidade de solicitude, a través da páxina web <http://www.camerfirma.com/servicios/respondedor-ocsp/>

1. Que é o Certificado Dixital?
2. Contrato con Camerfirma
3. Oficinas de rexistro
4. Tipos de servizos e certificados
- 5. Información dispoñible**



Enlaces de interese

Para ver toda a información e documentación dispoñible pode consultar os seguintes enlaces:

- Curso de Camerfirma de formación en liña para operadores de rexistro:

<http://www.cevirtualcamerfirma.es>

- Soporte de Camerfirma:

<https://secure.camerfirma.com/incidencias/index.php?project=MjM=>

- Declaración de prácticas de certificación:

<http://www.camerfirma.com/area-de-usuario/jerarquia-politicas-y-practicas-de-certificacion/>

- Tutorial de firma electrónica:

<http://www.camerfirma.com/ayuda/tutorial-firma/>



XUNTA
DE GALICIA

